

---

## CONVOCADOS PAROS

Os sindicatos que compoñemos a **Coordinadora de Burgos**, como se comentara na Asemblea de afiliados, acordamos facer convocatoria de paros parciais, de 3,5 horas cada un dos días que está previsto que exista mesa de negociación e que comezarán a xornada do próximo día 29.

Á espera dunha resposta, que xa se está demorando, dos outros sindicatos á proposta que lles fixeramos e vendo que despois da entrega da segunda proposta de Convenio que fixo a empresa a semana pasada, que practicamente non ten variacións coa primeira e ante a necesidade de propiciar un cambio na actitude da empresa e na dinámica de negociación e facer valer as reivindicacións dos traballadores, case esquecidas por pasaren a un segundo plano, consideramos os sindicatos convocantes que era preciso mostrarlle á empresa que a negociación non pode ser un camiño de rosas para os seus intereses, nin que lle vai ser doado conseguir todo o que quere.

Combinar a Negociación coa presión é fundamental neste momento e é unha responsabilidade de todos facer o que convén.

**MOBILIZATE E PARTICIPA. O FUTURO DAS NOSAS  
CONDICIONS LABORAIS ESTAN EN XOGO.**